

Falta de mantemento por parte do concello no colexio do Irixo

16, Agosto 2016 [f](#) [t](#) [w](#) [p](#)

O Portavoz do Grupo Municipal Socialista do Concello de O Irixo, Iago Fariñas Valiña, ven de rexistrar una moción na que insta ó concello Ó MANTENIMENTO, LIMPEZA E REPARACIÓN DAS HUMIDADES DO CENTRO ESCOLAR DE O IRIXO.

Que como no caso do centro de saúde, o mantemento, limpeza e conservación das instalacións do grupo escolar do Irixo son tamén responsabilidade do concello, cousa que non se fai adecuadamente. Que entendemos que existe unha deixadez extrema en canto ó mantemento do centro escolar do Irixo por parte do concello.

Que non se entende como é posible que no tellado de dito centro escolar medren as árbores, maleza e se acumule lixo; isto indica unha falta total de mantemento e limpeza do seu tellado e canalización de recollida de augas pluviais. Que a falta de limpeza e mantemento no centro educativo, ocasiona que no interior do propio centro escolar, en diversas dependencias e, concretamente, na do comedor escolar, chova, sen que se faga nada por arranxalo.

Que o Concello do Irixo non atende as súas obrigas de mantemento do centro escolar permitindo que este centro se deteriore e que os cativos convivan no día a día con humidades, as cales cun mantemento adecuado non se producirían. Que os socialistas entendemos que a inexistente e a incapacidade municipal na xestión fai que o centro escolar se sume xa a outras instalacións municipais como o centro de saúde na falta de mantemento a pesares de que o concello dispón de tres concelleiros remunerados e varios empregados municipais para acometer esta tarefa de mantemento que non se fai.


Que se acompaña relación de fotografías do estado interior e exterior do centro escolar, feito que vostedes xa coñecen ou deberían coñecer. Que dito todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista do Concello de O Irixo presentou para a súa consideración e dada a importancia da conservación, mellora e posta en valor das infraestruturas do noso concello, insta ó Pleno municipal á adopción dos seguintes ACORDOS:

1º.- Que o Concello de O Irixo faga a limpeza e mantemento do Centro escolar de forma inmediata no seu teito e canalóns de recollida de augas pluviais e limpeza do recinto exterior cheo de maleza e lixo.

2º.- Que o Concello de O Irixo faga as reparacións oportunas encamiñadas a evitar as filtracións de auga que se producen dentro do centro grupo escolar do que é coñecedor o concello.

3º.- Que se proceda a reparación e substitución dos elementos interiores deteriorados pola auga e humidade das filtracións nos falsos teitos e se proceda ó pintado das estancias afectadas.

RADIO EN DIRECTO



TEMPO

O Carballiño

Hoxe, Agosto 17, 2016
23:00-05:00



Mañá, Agosto 18, 2016
11:00-17:00



Agosto 19, 2016
11:00-17:00



O tempo na Cope Carballiño datos obtidos de [yr.no](#)

CURTAS

A PARROQUIA DO LAGO CELEBRA AS FESTAS DE SAN LORENZO E A VIRXE DO CARMEN, OS DIAS 10 E 11 DE AGOSTO, AMENIZADAS POLA CHARANGA CASTRO BELLO, E AS ORQUESTRAS CHARLESTÓN BIG BAND, ÁNGEL AMÉRICA E ASSIA. NO CAMPO DA FESTA HABERÁ PULPO E CARNE O CALDEIRO

OS DIAS 5 E 6 DA AGOSTO CELEBRANSE AS FESTAS DE AS NEVES DE GRIXOA. CON MÚSICA DE CHARANGA, GAITEIROS, DISCO-MÓBIL E AS ORQUESTRAS MIRAMAR E PANORAMA. OS DOUS DIAS NO CAMPO DA FESTA PODERÁ DEGUSTARSE EMPANADA, POLBO E CARNE AO CALDEIRO.

CHEGA A O CARBALLIÑO O MUSICAL INFANTIL "A PATRULLA CANINA: CACHORROS EN ACCIÓN". LÚNS 25 DE XULLO ÁS 19:30 HORAS NO AUDITORIO MUNICIPAL.

SANTA UXÍA DE LOBÁS CELEBRA A FESTA ROMARÍA DA MADANELA. PROCESIÓN DE

ANTORCHAS O DIA 21 ÁS 9 DA NOITIÑA, O DIA 22 MISAS E XANTAR DE ROMARÍA NA CARBALLEIRA DA MADANELA. VERBENAS EN COSTOIA CON ACIREMA, ISRAEL, ESTELARES, D' LÍDER E TREBOL.

FESTAS DE SAN BENITO EN MOLDES - BOBORÁS, OS DIAS 11 E 12 DE XULLO. AMENIZADAS COAS GRANDES ORQUESTRAS CHARLESTÓN, OLIMPUS E LA FÓRMULA. MISAS TODA A MAÑÁ NA IGREXA PARROQUIAL. NO CAMPO DA FESTA HABERÁ PULPO E COSTELA ASADA.

9ª FESTA DA CABRA EN ANLLO, ODOMINGO DIA 10 DE XULLO. DEGUSTACIÓN DE CARNE DE CABRA GUISADA POR 8 EUROS, TAMÉN HABERÁ PULPO E OUTRAS VIANDAS, E ANIMACIÓN MUSICAL. RESERVAS NO TELÉFONO: 659 452 918.

A PARROQUIA DE MANDRÁS (CEA) CELEBRA AS FESTAS PATRONAIS DO 1 AO 3 DE XULLO. ACTUARÁN AS ORQUESTRAS PONTEVEDRA, CLAXXÓN, E CAPRICO. AS PANDEREITEIRAS DE MANDRÁS E OS GAITEIROS OS ACHEGADOS.

CAMEIXA CELEBRA AS FESTAS DA VIRXEN DO ROSARIO, DO 1 AO 3 DE XULLO, CON VERBENAS AMENIZADAS POLAS ORQUESTRAS TRIBAL, CIUDAD DE VIGO, ISRAEL E A ACTUACIÓN DA EUROVISIVA LUCÍA PÉREZ.

A VILA DE LEIRO CELEBRA AS FESTAS DO PATRÓN SAN PEDRO. O DIA 29 DE XUÑO, CON MÚSICA DE BANDA E GAITEIROS, A CORAL VAL DO AVIA E NA VERBENA AS ORQUESTRAS PLAYERS E PANAMÁ.

CHEGA A O CARBALLIÑO O ESPECTÁCULO TEATRAL-MUSICAL INFANTIL "LOS PAYASOS DE LA TELE" CON RODY ARAGÓN. SÁBADO DIA 11 DE XUÑO ÁS 18:00 HORAS NO AUDITORIO MUNICIPAL. PREZO DA ENTRADA: 10 EUROS.

.....
Desenrolado por coroa.es

